



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 2/2020 , EXTRAORDINARIA, 10 DE MARZO DE 2020

EXPEDIENTE: 2020/G003/000096

ASUNTO: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 2/2020

CARÁCTER: Extraordinaria (martes 10 de marzo de 2020, ás 10:00 horas da mañá)

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 82.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, tendo en conta a necesidade de adoptar os acordos que se propoñen, segundo o esixido no texto vixente do artigo 26.4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (aplicable por remisión da DF1ª da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia), para a realización do sorteo requirido para a designación das persoas que haberán de integrar as mesas que actuarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia convocadas para o 05 de abril de 2020, **convoco sesión extraordinaria do Pleno para o martes 10 de marzo de 2020, ás 10:00 horas (da mañá -aos efectos de poder preparar as correspondentes notificacións durante esa mesma xornada, para facilitar o cumprimento do período legal -tres días- establecido para a práctica daquelas) (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) no Salón de Sesións da Casa do Concello coa seguinte**

ORDE DO DÍA


1.-Sorteo para a designación dos/as membros das mesas que haberán de actuar nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 05 de abril de 2020 (artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral, por remisión da DF1ª da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia).

Notifíquese a presente resolución a todos/as os/as sres/as. concelleiros/as da Corporación, advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as sres/as. concelleiros/as convocados a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe.

O ALCALDE



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,
O SECRETARIO
Diego García Doval

FIRMADO POR Francisco Javier Gestal Pose (FECHA: 05/03/2020 11:34:00)

Diego García Doval (FECHA: 05/03/2020 11:25:00)

Decreto Nº: 97/2020 - Fecha de decreto: 05/03/2020

Versión imprimible

CVD: VuxLZMiI+oqbyxwVJki
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.